

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMGZI000	<i>Expediente</i> CON/67/2013	<i>Fecha</i> 27-03-15 09:20

Número 14 .- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á adxudicación do Servizo de Axuda no Fogar no municipio de Santiago de Compostela á empresa VALORIZA DEPENDENCIA.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 27 de marzo de 2015, adoptou o seguinte acordo:

14 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE EDUCACIÓN RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO MUNICIPIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA Á EMPRESA VALORIZA DEPENDENCIA.

Dase conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do informe-proposta da xefe de servizo de Servizos Sociais, de data 13.3.15, ao cal presta a súa conformidade a concelleira delegada da área Social, na mesma data; así como do informe de Intervención número 2015/170 de data 24.3.2015, ao cal presta o seu conforme a Interventora municipal.

O devandito informe-proposta transcríbese de seguido:

“EXPEDIENTE”: Servizo de axuda no fogar no municipio de Santiago de Compostela

ASUNTO: Adxudicación do contrato a VALORIZA DEPENDENCIA

ANTECEDENTES:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMGZI000	<i>Expediente</i> CON/67/2013	<i>Fecha</i> 27-03-15 09:20

Primeiro: Con data 05/02/2015 celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas e a do licitador VALORIZA DEPENDENCIA

Segundo: O concelleiro delegado de contratación, mediante resolución de 9/2/2015 require a VALORIZA DEPENDENCIA para que aporte como trámite previo á adxudicación do contrato:

- Documentación xustificativa de estar ó corrente nas súas obrigas tributarias e de seguridade social
- Documentación acreditativa da súa solvencia económica e técnica
- Documentación acreditativa da súa capacidade de obrar
- Xustificación do pagamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes

Terceiro: Con data 09/03/2015 celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia e conforme ao acordado pola mesa de contratación de data 05/02/2015 procede realizar a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO: Rexeitar as ofertas presentadas polas seguintes empresas:

As empresas GERIATROS S.A.U. e CLECE S.A non asinan debidamente a documentación aportada, incumprindo o taxativo requirimento do Prego de aplicación que establece que "será motivo de exclusión da licitación, o feito de que a documentación incluída neste sobre non estea subscrita na súa totalidade polo licitador, ou non vaia acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, Baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. Esta deficiencia unicamente poderá ser subsanada coa presenza do apoderado da empresa no acto público de apertura deste sobre".

A empresa POVINET, por revelar na fase procedimental información (melloras) que non debía porse de manifesto ata a apertura do sobre que contén os criterios definidos como avaliábeis en forma de cifras ou porcentaxes, incumprindo o taxativo requirimento do prego recollido no seu apartado 13.3.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMGZI000	<i>Expediente</i> CON/67/2013	<i>Fecha</i> 27-03-15 09:20

A empresa INGESAN- GRUPO OHL, por non presentar o estudio económico requerido na cláusula 13.4. do prego de aplicación, non quedando garantizada en consecuencia a coherencia económica e viabilidade do seu proxecto.

A empresa CARFLOR, xa que, a vista da análise realizada polos servicios económicos do Concello, o estudio económico presentado adolece de incoherencia e falta de rigor, entendendo a mesa que non queda garantizada a coherencia económica e viabilidade do seu proxecto de acordo cos requerimentos da cláusula 13.4. do prego de aplicación.

SEGUNDO: Adxudicar o contrato de referencia a favor de **VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA S.L.**, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de **14,64 euros/hora IVE** aparte ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

O IVE correspondente (4% da cantidade anterior) ascende a 0'58 euros.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **020 23100 22703**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2015: 685.830'96 euros ive incluído.

Anualidade 2016: 914.441'28 euros ive incluído.

Anualidade 2017: 228.610'32 euros ive incluído."

Enteirados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros o seguinte:

"PRIMEIRO: Rexeitar as ofertas presentadas polas seguintes empresas:

As empresas GERIATROS S.A.U. e CLECE S.A non asinan debidamente a documentación aportada, incumprindo o taxativo requirimento do Prego de aplicación que establece que "será motivo de exclusión da licitación, o feito de que a documentación incluída neste sobre non estea subscrita na súa

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMGZI000	<i>Expediente</i> CON/67/2013	<i>Fecha</i> 27-03-15 09:20

totalidade polo licitador, ou non vaia acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, Baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. Esta deficiencia unicamente poderá ser subsanada coa presenza do apoderado da empresa no acto público de apertura deste sobre".

A empresa POVINET, por revelar na fase procedimental información (melloras) que non debía porse de manifesto ata a apertura do sobre que contén os criterios definidos como avaliáveis en forma de cifras ou porcentaxes, incumprindo o taxativo requerimento do prego recollido no seu apartado 13.3.

A empresa INGESAN- GRUPO OHL, por non presentar o estudo económico requerido na cláusula 13.4. do prego de aplicación, non quedando garantizada en consecuencia a coherencia económica e viabilidade do seu proxecto.

A empresa CARFLOR, xa que, a vista da análise realizada polos servicios económicos do Concello, o estudo económico presentado adolece de incoherencia e falta de rigor, entendendo a mesa que non queda garantizada a coherencia económica e viabilidade do seu proxecto de acordo cos requerimentos da cláusula 13.4. do prego de aplicación,.

SEGUNDO: Adxudicar o contrato de referencia a favor de **VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA S.L.**, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de **14,64 euros/hora** IVE aparte ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

O IVE correspondente (4% da cantidade anterior) ascende a 0'58 euros.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **020 23100 22703**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2015: 685.830'96 euros ive incluído.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMGZI000	<i>Expediente</i> CON/67/2013	<i>Fecha</i> 27-03-15 09:20

Anualidade 2016: 914.441'28 euros ive incluído.

Anualidade 2017: 228.610'32 euros ive incluído.

**O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE
SANTIAGO**


Asdo: Manuel Martínez Varela


CONCELLO DE
SANTIAGO

